

# FONSECA

Revista da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela

número\_ 45 | Decembro de 2022

## Cáritas Interparroquial de Santiago

## PREMIO HUMANITAS USC 2022



# SUMARIO

Obituarios de Benita Silva	3
Premio Humanitas USC a Cáritas Interparroquial de Santiago	4
<i>Lo que no hemos aprendido con la Pandemia,</i> por Felipe Trillo	5
En Mente e Placas compostelás de Soledad Pintos	6
Entrevista a Ofelia Rey, Premio Nacional de Historia	7
Voluntariado USC e sillón dental solidario	8-9
Entrevista a Cástor Méndez, catedrático de Psicoloxía Básica USC	10
Laboricia, o noso portal de emprego	11
Premio Relato Curto Alumni USC a Juan Viaño	12-13
Poema de Esther Gamallo e obituario de Inocencio Pereira	14
Entrevista a Esther Olveira, directora do IV Ciclo USC	15
As nosas andainas, andanzas e muxianas	16-17
Falan os socios na web de Alumni (Manuel Puga e Carlos Baliñas)	18
Recanto da Saudade	19-20-21
Novidades editoriais USC	22
Os nosos socios protectores	23
As sete portadas anteriores de FONSECA, na contraportada	

## EDITA

Asociación de Antigos Alumnos  
e Amigos da USC

Casa da Concha

Universidade de Santiago de Compostela

15782 Santiago de Compostela

TEL\_ 981 580 624 MAIL\_ [alumni@usc.es](mailto:alumni@usc.es)

[www.alumniusc.gal](http://www.alumniusc.gal)

<https://www.facebook.com/alumniUSC.asociacion/>

<https://www.linkedin.com/pub/alumni-usc/ba/a57/b5a>

[https://www.youtube.com/channel/UC\\_204IW\\_oRP2LOE4YBxTx2w](https://www.youtube.com/channel/UC_204IW_oRP2LOE4YBxTx2w)

## Dirección e redacción

Manuel Fraga Carou

## Documentación

Inés Toca Carús

Zaira Piñeiro García

## Fotografía

Santi Alvite

Gabinete de Comunicación USC

Felipe Rivero de Aguilar

## Diseño e maquetación

Ana Cividanes Álvarez

## Imprime

Gráficas Garabal

A Asociación respecta os artigos  
de opinión asinados e, por tanto,  
non se fa responsable do seu contido

DEPÓSITO LEGAL: C 2142-2017



Consello Social

Encarte do texto gañador  
do Premio Relato Curto Alumni USC

## Pepe Barro, creador do logotipo de Alumni

O deseñador gráfico Pepe Barro foi o creador do actual logotipo da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC hai máis de vintecinco anos. Formaba parte do encargo que recibira o seu estudio, Grupo Revisión Deseño, para desenvolver toda a imaxe do V Centenario da USC.

“O nome da entidade reiteraba a letra ‘A’ inicial. Dunha tipografía da época da Ilustración, unha bodoni, sae esa triple ‘A’, que indica crecemento, ao repetir, ampliado, o lado grosso da letra: crecemento, desenvolvemento, progresión, historia...”, tal como explica Barro con orgullo.



# Benita Silva, alento e enteireza

Mantivo o alento e a enteireza ata o final, tal como sinalou a súa familia. Foi asombrosa a naturalidade coa que encaixou o fatal diagnóstico o verán do 2021. A vitalidade que amosou durante este tempo, plenamente consciente, é comparable a un mar bravo pese á súa inmobilidade. A enerxía de Benita Silva Hermo era como a intensa luz dos seus ollos. Era Mari Beni no seu pobo natal da Pobra do Caramiñal e Benita en Santiago, en cuxa universidade se doutorou en Ciencias Químicas e onde exerceu como docente e investigadora. Con serenidade quixo seguir disfrutando de seus netos, seus fillos e seu home. Pero esta muller admirable non perdeu de vista a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC), que se convertera na súa paixón.

Sendo vicerreitora deime conta de que Alumni era o instrumento idóneo para conectar a universidade coa sociedade, díxome Benita nunha entrevista. Así que se entregou á causa desde a presidencia, cargo que ostentou durante sete anos, conferindo un novo pulo á entidade. Encarou o flanco institucional con reitores e alcaldes, ademais de con organismos e outras asociacións; reactivou os delegados nas facultades e ocupouse de aumentar os socios. O seu talante conciliador, facendo gala dunha exquisita educación, constituía a súa carta de presentación. Deu entrada na xunta directiva a profesionais alleos á USC e, en aras de proxectar a asociación, apoiouse noutrous socios implicados especialmente. E a todos os seus colaboradores outorgoulles a máxima confianza e liberdade na execución de distintos proxectos, cualidades que, no meu caso particular, nunca lle agradecerei bastante.

E así foi como callaron sobresaíntes iniciativas. A rotulación das árbores singulares da Alameda –financiada por FINSA–, a peregrinación e exposición fotográfica do Camiño de Inverno –patrocinada polo programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia e o Hotel Oca Puerta del Camino (OCA Hotels)– ou a posta en marcha do portal de emprego para egresados Laboricia –subvencionado polo Consello Social da USC–. O grupo de sendeirismo vigorizouse da man de Agustín Pena, que acabaría sendo o seu relevo na presidencia. E polo medio, múltiples actividades de distinto signo, como premios, encontros, charlas, excursións e visitas culturais e empresariais. Ademais de relacionarse con outras organizacións da cidade, Alumni tamén forma parte do Foro Cívico-Empresarial que lidera a Cámara de Comercio de Santiago. E á fronte de todo este labor Alumni, Benita e a súa frase favorita: Somos un equipo!

**Manolo Fraga**  
Directivo de Alumni USC  
29.08.2022



## Carta de Julia Melgar a Benita

Querida Beni:

Tuve conocimiento de ti cuando fuiste nombrada vicerrectora de Calidad de la USC, motivo por el que apenas coincidimos. Sin embargo, nuestra amistad surgió y creció al compartir contigo, cuando eras Presidenta, la Directiva de la AAA-USC, yo primero como vocal y luego como vicepresidenta en el Campus de Lugo, fue una muestra de confianza en mí por la que te estoy agradecida. Es cierto que no tuvimos mucho contacto personal, pero los lazos de amistad se afianzaron por tu forma de ser tan humana, cariñosa, acogedora, alegre, positiva... Siempre recordaré la alegría con que, en agosto del año 2020, me hiciste saber que te habías jubilado, principalmente, para disfrutar, con tu querido José, de tus nietos. Pero la versión cambió cuando en agosto del año siguiente, 2021, me comunicaste que te habían diagnosticado la terrible ELA que, de forma fulminante, en un año, agosto de 2022 te nos arrebató para llevarte al Cielo.

Siempre recordaré aquel último viaje que disfrutamos en la visita nocturna a la Isla de Sálvora en septiembre de 2020; juntas contemplamos las estrellas, entre las que tú luces desde hoy (el 24 de agosto 2022). Al regreso, ya muy avanzada la noche, me acogiste en tu casa para que no viajara sola a Lugo, sin tener en cuenta los riesgos que entrañaba la pandemia de la COVID-19, en ese momento sin vacuna alguna. Esa amistad, que me brindaste en tan poco tiempo, se plasma en lazos profundos que perdurarán más allá de la Eternidad. Y como dice la canción, Señor, "Tú ya la has devuelto a la Vida, ya la has llevado a la Luz", eres esa estrella que luce y se ha incrementado en el Firmamento. La pena me embarga en estos momentos, pero perdura en mi mente y en mi corazón tu recuerdo, tu cálida voz, tu amistad... hasta reunirnos para siempre en tu nueva Patria.

Yo, a la espera, te rezo y abrazo,  
**Julia**

24.08.2022

Julia Melgar foi vicepresidenta de Alumni USC  
con Benita Silva

# PREMIO HUMANITAS USC

## para Cáritas Interparroquial de Santiago



### O seu programa de apoio a familias monoparentais, Abeiro, é único en Galicia

O Consello Social e a Alumni USC outorgaron o Premio Humanitas, que convocan conjuntamente, ao programa Abeiro, dedicado a familias monoparentais e en especial protección, de Cáritas Interparroquial de Santiago. Está dotado con 2.000 euros, pero nesta edición ascendeu a 2.500 logo de que Juan Viano, gañador do premio literario –convocado por Alumni–, renunciase ao seu importe económico a favor do premio humanitario.

A entrega do recoñecemento realizouse nun sinxelo acto no Consello Social coa asistencia da súa presidenta –Cecilia Sierra–, o presidente de Alumni –Agustín Pena–, o reitor da USC –Antonio López–, a integrante do Consello Social Nuria Pereira e a xestora técnica de Alumni –Inés Toca–, ademais do director da Interparroquial –Carlos Juiz– e o responsable de Abeiro –Xabier Salgado–. Os

dous voluntarios de Cáritas agradeceron a distinción e valoraron “máis” a visibilidade que a dotación económica.

Abeiro é un programa de asesoramento e acompañamiento laboral a familias monoparentais que se atopen en situación de especial dificultade ou exclusión social e familias en situación de risco que precisan dun apoio específico, cualificado e personalizado, tendo en conta as súas circunstancias. Atende a familias que presentan carencias como a soledade, dificultades económicas, dependencia de recursos públicos, privación de liberdade dalgún dos seus membros, complicada inserción formativa e laboral, inestabilidade laboral, dificultades para a conciliación da vida familiar e laboral, dificultades para afrontar os distintos ciclos vitais familiares... Acredita máis de vinte anos en funcionamento, ademais de ser único en Galicia.



# Lo que no hemos aprendido con la Pandemia

Invitado a escribir sobre esto e incapaz de articular por mi cuenta algo tan complejo de manera tan breve, comparto algunas ideas inspiradoras que tomo de una miscelánea de autores (que menciono), confiando en que lo que yo hilvano sea cosido por los lectores.

Partamos de una definición muy general del aprendizaje, como conjunto de procesos psicológicos que dan lugar a un cambio relativamente permanente de los conocimientos y las conductas anteriores (incluye el pensamiento) como resultado de la experiencia. Siendo así, diría que no cambiamos y por tanto no aprendimos lo siguiente:

Que “el significado literal de la pandemia de coronavirus es el miedo caótico generalizado y la muerte sin fronteras causados por un enemigo invisible” (Boaventura de Sousa Santos; en adelante, B.S.S.).

Que no es suficiente con darnos cuenta de nuestra vulnerabilidad; que es la solidaridad lo que nos salva, y que es necesario prevenir: una pandemia, un cambio climático, una guerra (Adela Cortina).

Que la solución no es volver a la situación anterior lo antes posible, porque eso es tanto como “volver a las andadas”: “al mismo desarrollo insostenible que estuvo en el origen” del problema (Diego Gracia).

Que “habrá más pandemias en el futuro, y que si las políticas neoliberales continúan socavando la capacidad de respuesta del Estado, las poblaciones estarán cada vez más indefensas” (B.S.S); se refiere el autor a los recortes en las políticas sociales (salud, educación, seguridad social), también a la concentración escandalosa de riqueza/desigualdad social extrema y a la destrucción de la vida en el planeta.

Que nuestra capacidad para enfrentar cualquier crisis a nivel mundial no depende sólo del conocimiento experto, sino que “requiere una renovación moral” a nivel colectivo; que urge situarnos en “el camino de vuelta a una política del bien común” y que para ello es preciso “entender cómo, durante las

cuatro pasadas décadas, pudieron deshacerse tanto nuestros lazos sociales y nuestro respeto mutuo” (Michael J. Saendel).

Que el Bien común no es una entelequia, sino que supone que todo nuestro empeño y esfuerzo “debe dirigirse a la realización de una situación en que los ciudadanos puedan desarrollar sus cualidades personales”; y que para ello “deben reformularse las reglas de juego, con el fin de tener una acción no competitiva, sino cooperativa” y mediante consenso (Nicola Matteuci).

Que “la Democracia no es un estado de derechos garantizados sino un ejercicio de responsabilidad compartida” (Wilhelm Reich); por tanto, que hay que reaccionar frente a la anomia y asumir como ciudadanos una participación activa y “orientada a la solidaridad y la cooperación y no hacia el emprendedorismo y la competitividad a toda costa” (B.S.S).

Que “si los ciudadanos activos o preocupados renuncian a la política, están abandonando su sociedad a sus funcionarios más mediocres y venales” (Tony Judht).

Ya centrándome en la Universidad, no aprendimos tampoco: que “gestionados y evaluados por criterios de rentabilidad del capital social, las universidades públicas fueron sometidas a la lógica del capitalismo universitario, la proletarización de los docentes y la transformación de los estudiantes en consumidores de servicios universitarios” (B.S.S.); ni que eso ha derivado en una neurosis por maximizar el rendimiento hasta convertirse en un modelo de autoexplotación (Byung-Chul Han) por la vía de la mercantilización.

En fin, termino reconociendo que he escrito esto en tono crepuscular. Pero no ignoro que hay millones de jóvenes construyendo el futuro y que, con suerte, sabrán desengañarme.

**Felipe Trillo**  
Doutor en Ciencias da Educación da USC

# VII EN MENTE

Rosa Casafont, especialista en neurociencia aplicada · educación, pechou unha nova edición de En Mente, que volveu a ser un Éxito de participación.



A oculista Soledad Pintos (socia activa de Alumni) prepara unha orixinal publicación sobre as placas de Santiago. "É outra forma de percorrer a historia da nosa acidade", indica Sole, que recolleu arredor de trescentas cincuenta.

# “O noso futuro depende do nivel educativo e cultural do país”

O ensaio *El vuelo corto. Mujeres y migraciones en la Edad Moderna*, publicado pola USC en 2021, é a obra pola que recentemente se lle outorgou a Ofelia Rey Castelao (A Estrada, 1956) o Premio Nacional de Historia de España, que concede cada ano o Ministerio de Cultura cunha dotación de 20.000 euros. O xurado destacou do texto que se trata “dunha investigación rigorosa con diversidade de fontes históricas que ofrece unha visión integral das migracións das mulleres”. A catedrática de Historia Moderna estaba en París, onde todos os anos dá cursos na Universidade da Sorbona, cando recibiu a grata noticia. “Pilloume completamente por sorpresa, porque non contaba con esa distinción. Sentoume de marabilla. É un recoñecemento moi valioso que, ademais, me chega nun momento académico de fase final, polo que o aprecio como un premio á miña traxectoria”, segundo explica a brillante investigadora.

## As mulleres supoñen un terzo entre o estudiantado de Historia

### As mulleres galegas tamén emigraron?

As galegas emigraron nos séculos da Idade Moderna sobre todo das aldeas ás vilas para traballar no servizo doméstico e noutras tarefas; por iso nas vilas había moitas más mulleres que homes. Tamén ían segar a Castela nas cuadrillas de segadores; a Madrid e a vilas castelás e de Andalucía, mesmo de Portugal, para gañar algúns cartos.

### Podería dicirme algo da emigración do noso tempo?

Non teno criterio científico sobre iso; pero, como observadora da realidade, o que fago é comparar o que pasa nas últimas décadas con aquilo que pasaba hai máis de douscentos anos. E vexo cousas semellantes, como a dificultade de contar cantas mulleres migran; e outras que en nada se parecen, como a facilidade dos medios de transporte, a maior cualificación e a maior liberdade das mulleres.

### Vai habendo más historiadoras? Onde están os teitos de cristal?

Os estudos de Historia teñen poucas mulleres entre o alumnado, non pasan dun terzo, desde ao menos 2007. En cambio, en Medicina e outras carreiras de ciencias elas son a maioría. O teito de cristal na Universidade pública está na carreira investigadora e non ten moito arreglo, porque

## As humanidades non somos a irmá pobre



poden sustituírnos na docencia nas baixas por maternidade ou por outras razóns familiares, pero non nos poden sustituir na investigación.

### As humanidades adoitan ser a irmá pobre das áreas de coñecemento. Como ve o seu futuro?

As humanidades non somos a irmá pobre, iso é como nos ven desde fóra ou como se ve se se pensa en termos economicistas. Se algúen se detivera a pensar todo o que aportamos, mesmo en forma de ingresos de I+D+i, vería que mantemos un nivel excelente en investigación e docencia a custo inferior que moitas outras áreas. A sociedade tende a valorar todo en termos de éxito persoal e inmediato, polo que non se percibe a importancia de financiar e manter os estudos humanísticos e sociais. O noso futuro depende do nivel educativo e cultural do país e da súa capacidade.


### A estas alturas xa non querería ser filóloga?

Eu sigo querendo ser filóloga. A Historia tenme dado moito, pero é que a Historia que eu fago permítome analizar textos e estudar a linguaaxe.


## Eu sigo querendo ser filóloga

# RADIOGRAFÍA DO VOLUNTARIADO USC

Porcentaxe de participación por sexos 2019-2021



Participación por ámbitos USC 2018-2021




As mulleres son abrumadora mayoría


## Ferramenta educativa

"Para nós o principal é que a participación social e o voluntariado se proxectan como unha ferramenta educativa fundamental no proceso formativo dos futuros egresados e egresadas. A colaboración do estudiantado afonda na adquisición de competencias transversais e o voluntariado é unha faceta moi valiosa para o alumnado, non só porque poden poñer en práctica os seus coñecementos, senón tamén porque aprenden habilidades moi valoradas polas empresas como a empatía, o traballo en equipo, o compromiso ou a planificación", segundo expresa Javier Agrafojo, coordinador do Servizo de Participación e Inclusión Universitaria.


Destaca a participación no ámbito cultural, pero tamén é significativo o da saúde



Participación por ámbitos no Campus de Santiago 2018-2021



Participación por ámbitos no Campus de Lugo 2018-2021





### ALMUDENA SANTIAGO ENCABO

Cursa 5º de Farmacia e naceu en Ferrol en 1999. Emprega o seu tempo de voluntaria en acompañar, axudar cos deberes e entreter a nenos oncolóxicos na aula de pediatría do Hospital Clínico de Santiago. O pasado verán estivo un mes nun hospital de Uganda facendo labores de farmacéutica.

**"África fíxome pensar no ben que vivimos fronte a outras realidades. Aquí aos nenos non lles pregunto que lles pasa, estou con eles e sempre vou co meu sorriso"**

### XOSÉ RAMÓN CISNEROS

Está facendo o doutoramento en Historia da Arte e naceu en Negreira en 1999. Fai voluntariado cultural.

**"É algo moi agradecido. Estiven guiando visitas á exposición Minerva que hai en Fonseca e estou moi satisfeito. A xente pótase ben e fanche comentarios favorables en xeral"**

### ANEIS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

Cursa 4º de Traballo Social e naceu en Ordes en 2001. Dedica o seu tempo de voluntaria ao acompañamento de persoas con problemas de saúde mental.

**"Parecíame algo abstracto a saúde mental e quixen saber máis desta realidade. Sentoume moi ben, porque me recibiron con moita alegría, cóntanme a súa vida e síntome ben; pero vexo moita soildade"**

## SILLÓN DENTAL SOLIDARIO 600 fichas de pacientes en 7 anos

O sillón solidario de odontoloxía, impulsado por **Manuel Gelabert González** a mediados de 2015, en colaboración con Cáritas Diocesana de Santiago, suma seiscentas fichas de pacientes. Actualmente comparten o voluntariado co doutor Gelabert os odontólogos **Carmen Menéndez** e **David Fernández**, así como a auxiliar **Jezabel Alzamora**. Próteses, removibles, obturacións, endodoncias, limpezas e instrucións de hixiene dental constitúen a asistencia recorrente, sempre no ámbito da odontoloxía básica.

A pandemia obrigou a pechar este servizo benéfico durante ano e medio. Agora esixen o certificado de vacina contra a covid-19 aos pacientes. "Somos profesionais sanitarios, así que debemos extremar as precaucións e protexernos", advire o doutor Gelabert. Cáritas financia o equipamento e gastos de laboratorio. O especialista, **socio de Alumni**, sinala que todo o mundo dá as grazas e lembra como choraba unha señora cando se viu cunha dentadura nova. "O sillón solidario veu colmar o meu desexo de devolver á sociedade o ben que me foi na miña actividade profesional. Sete anos despois podo dicir que me compensou", tal como destaca.



Jezabel Alzamora con Manuel Gelabert

**Manuel Gelabert, voluntario de Cáritas**

**"Esta actividade veu colmar o meu desexo de devolver á sociedade o ben que me foi na miña actividade profesional"**

Cástor Méndez, catedrático de Psicoloxía Básica USC

# “A nosa universidade debería esforzarse máis por ter unha maior presenza”

Xubilarase a final de curso, logo dunha vida entregada á docencia, investigación e xestión universitarias. Cástor Méndez Paz (Castrelo de Miño, 1952) é catedrático de Psicoloxía Básica da USC e, actualmente, non desempeña ningunha responsabilidade de xestión.

## Básica, social, clínica. O s. XXI trouxo o gran desenvolvemento da Psicoloxía?

O desenvolvemento máis intenso da psicoloxía en España produciuse nas últimas décadas do século XX. O que parece estarse producindo neste momento na sociedade española é a toma de conciencia sobre o que a psicoloxía lle pode aportar ao benestar das persoas e da sociedade no seu conxunto.

## A titulación, única en Galicia, está de moda. Haberá que ampliar matrícula ou será efémero o tirón?

Non parece que a demanda dos estudos de psicoloxía poida considerarse unha moda pasaxeira, xa que hai moitos anos que vén sendo alta. Penso que non debería ampliarse a matrícula co obxecto de garantirlle unha boa formación aos estudantes que accedan, e porque o número de graduados que remata cada curso é máis que suficiente para Galicia.

## O tempo pandémico fixo más evidente a necesidade de terapias psicolóxicas, mesmo entre a poboación universitaria

Efectivamente, a pandemia axudou a facer más visible esa necesidade tanto na poboación universitaria como na sociedade en xeral, se ben a demanda de atención psicolóxica era algo que xa estaba no ambiente. Só hai que ver a cantidade de problemas psicolóxicos que se pretenden tratar inadecuadamente con medicación.

## Que opina do mundo en que vivimos?: Guerras, hambrunas, emergencia climática...

A verdade é que, a pesar dos enormes avances científicos e tecnolóxicos que se teñen producido nos últimos séculos, a humanidade segue afrontando múltiples problemas, na súa meirande parte provocados polo comportamento das persoas e coa súa orixe nas enormes desigualdades sociais existentes, que non parece que vaimos camiño de corrixir. Mentre non tomemos verdadeira conciencia das mesmas e actuemos en consecuencia as cousas non van mellorar.




## Un dos principais desafíos da universidade española é conseguir unha xestión profesional

### Vostede, que foi vicerreitor en distintos equipos directivos, ¿cal é o principal desafío da USC?, deixando á marxe a urgente reposición do profesorado

Penso que neste momento un dos principais desafíos que ten a USC, e tamén o resto das universidades españolas, é conseguir unha xestión profesional. Para iso cada un dos colectivos de traballadores que forman parte da mesma debería dedicarse a aquello que sabe facer e para o que foi seleccionado, o que implicaría un incremento importante do persoal de xestión. Non en van nas universidades dos países do noso entorno a proporción do persoal de administración e servizos en relación co persoal docente e investigador é o dobre que nas universidades españolas. Iso fai que este último teña que dedicar moitas horas a tarefas administrativas e de xestión para as que non está preparado, e que interfiren coas funcións propias de docencia e investigación.

### E a nosa universidade, bicampus, dialoga suficientemente coa sociedade galega?, pero particularmente onde se asenta

Aínda que hai algunas iniciativas importantes nesa dirección, penso que a nosa universidade debería esforzarse máis por ter unha maior presencia en todos os ámbitos de actuación nos que poda aportar algo á sociedade galega e, en especial, nas dúas cidades que a acollen.



## LABORICIA: Captación e retención do talento

### 40 EMPRESAS, 30 OFERTAS e 400 PERSOAS

Á hora de definir os obxectivos de Alumni USC, a nosa querida Presidenta de Honra, Benita Silva, sempre tivo en mente o importante compromiso da institución académica con Galicia. Por iso un dos seus obxectivos más ambiciosos era, nas súas propias palabras: "Contribuír a que as persoas novas altamente cualificadas poidan quedar na nosa terra".

Certamente, nos últimos anos vimos experimentando unha fuga de talento galego, mozos e mozas formadas nas nosas universidades e que non teñen fácil atopar aquí emprego en condicións acordes a súa cualificación que sí atopan fora de Galicia, principalmente noutros países.

Con estas premisas, Alumni USC puxo en marcha hai pouco máis dun ano LABORICIA, un espazo de emprego que permitise poñer en contacto as empresas e entidades galegas cos mozos e mozas egresadas da nosa universidade, para apoiar o mercado laboral interno.

No seu primeiro ano de funcionamento centrámonos principalmente na difusión do portal ([www.laboricia.alumniusc.gal](http://www.laboricia.alumniusc.gal)) entre as empresas galegas, co inestimable apoio dos colexios profesionais galegos e as asociacións de empresarios de Galicia. O traballo deu os seus primeiros froitos e contamos xa con 40 empresas dadas de alta na plataforma. Por outra banda, dirixímonos aos recién graduados demandantes de emprego, chegando case as 400 persoas inscritas na plataforma. Na súa corta vida Laboricia mostrou xa máis de 30 ofertas de emprego, algunas das

cales conseguiron materializarse, cumplindo, aínda que polo de agora sexa timidamente, o obxectivo proposto.

Sabemos que non podemos competir con outros portais de emprego que levan moito máis anos instalados no mercado. Pero non era ese o noso obxectivo. Laboricia pretende mostrar só ofertas de emprego cualificado na nosa comunidade, esto é, de empresas establecidas en Galicia, grandes e pequenas, galegas ou non, entidades de economía social, despachos profesionais, centros de investigación, axencias e organismos públicos, etcétera, que se atopen na procura de persoal con formación cualificada en calquera ámbito.

Pola parte da demanda dirixímonos a persoas con formación universitaria de grao, posgrao ou doutoramento, e que busquen de xeito prioritario desenvolverse profesionalmente en Galicia. Por iso pretende chegar tamén a quen, xa traballando fora, desexe retornar a Galicia.

Neste sentido a visión de Laboricia vai máis alá de ser só un portal de emprego, e seguimos traballando para convertelo nun espazo onde tamén poidan atoparse ofertas formativas dirixidas a mellorar a empregabilidade, ou facilitar a posta en contacto con mentores que poidan axudar nesa procura de emprego e orientar a carreira profesional.

Texto de **Loreto Fenández**, secretaria da xunta directiva de Alumni

# de Relato Curto

## JUAN VIAÑO GAÑA O PREMIO CUNHA CRÓNICA HISTÓRICA

O catedrático de Matemática Aplicada e reitor da USC no período 2014-18, Juan Manuel Viaño Rey (Sergude-Boqueixón, 1955), gañou a XVI Premio de Relato Curto de Alumni USC polo seu texto titulado *Rodiño 1947. Relato dun suceso real*. “Este xurado quere salientar que estamos ante unha historia que se corresponde cun episodio de violencia entre aldeas e parroquias veciñas, como tantas que había en Galicia daquela e que foron en certo modo escondidas. Unha historia de caraxe ben relatada, cunha trama principal –a referida á violencia–, e unha subtrama de amor. Gustounos a forma de narrar e a presentación dos personaxes, así como o seu desenvolvemento coherente e a emoción que desprende. Todo isto, unido a unha redacción correcta e á calidade do galego”, tal como reza a acta do xurado, integrado polos socios de Alumni **Isabel Méndez** e **David Formoso** e o redactor-xefe da sección local do diario El Correo Gallego, **Ángel Seijo**. Presentáronse vinteún orixinais, que logo de abrir todas as plicas resultan corresponder a nove mulleres e doce homes. O premio está dotado con 500 € grazas ao patrocinio do hospital HM La Rosaleda, cartos aos que Viaño renunciou en favor dunha mellor dotación do Premio Humanitas, que convocan conjuntamente o Consello Social e Alumni USC.

O presidente de Alumni –**Agustín Pena**– abriu o acto de entrega que se celebrou o doce de decembro no salón de actos da Facultade de Filosofía (Mazarelos) coa presenza de numeroso público, ademais de representantes doutras institucións compostelás: **Ubaldo Rueda** e **Maribel Martín** –presidente e vicepresidenta da Asociación Cultural Casino de Santiago–, **Xavier Mouriño** –director do IES Rosalía de Castro–, **Elena Vázquez Cendón** –decana da Facultade de Matemáticas–, **Benigno Amor** –director do Museo Casa de la Troya–, **Pilar Sampedro** –directiva do Ateneo de Santiago–, **Juan Gestal** –codirector da Cátedra de Hidroloxía Médica-Balnearios de Galicia USC– e o último Socio de Honra Alumni –**José Manuel Ortigueira**–, entre outros, ademais do alcalde de Boqueixón –**Manuel Fernández**–,

**“Nunca pensei que gañaría un premio cun texto que empezara a escribir hai vintecinco anos sobre un suceso que me impactara moito de cativo”**





concello onde se produciron os sucesos narrados no texto premiado. O reitor da USC –**Antonio López**– acercouse a saudar ao seu predecesor. Asistiu, igualmente, o ex reitor **Carlos Pajares**. Pecharon o acto o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia –**Valentín García Gómez**– e o vicerreitor de Profesorado da USC –**Ernesto González Seoane**–.

Viaño, que recibiu o galardón da súa antiga alumna **Rocío Leira** –premiada na edición de 2018 e Premio Xerais de

Literatura Xuvenil 2022–, leu o seu relato e respondeu ás preguntas e comentarios que se lle fixeron posteriormente. A velada literaria iniciouse coa lectura dun poema de **Esther Gamallo**, socia activa de Alumni, e a intervención espléndida e cercana de **Olga Novo**, Premio Nacional de Poesía 2020, que participou xenerosamente como convidada especial. Novo (A Pobra de Brollón, 1975) é antiga alumna da USC, onde fixo Filoloxía Galega e, actualmente, é profesora de Secundaria en Monforte de Lemos.

## Olga Novo e Feliz Idade

Olga Novo obtivo o Premio Nacional de Poesía 2020 polo seu poemario *Feliz Idade*: “É un libro escrito durante sete anos onde se produce o dobre proceso do meu embarazo, pero tamén do descenso vital de meu pai. A confluencia deses dous seres e a experiencia dese ciclo vital, unha vida que comeza e outra que marcha, a min resultoume moi poderoso como experiencia vital, pero tamén creativa. A poesía ten unha dimensión cognoscitiva á vez que terapéutica; de tal forma que, en ocasións, transformamos de maneira alquímica a dor en beleza”.



**Olga Novo, Premio Nacional de Poesía 2020, convidada especial no acto de entrega do galardón: “A miña presenza hoxe aquí ten que ver tamén co triunfo dunha familia humilde”**



Acceso dixital á gravación da velada literaria:

<https://www.youtube.com/watch?v=nfm7a0m6XNY>

Te regalo un cielo estrellado  
mil noches de luna llena  
y el canto de las sirenas.

Te brindo presente y futuro  
un paseo por mi mundo  
un viaje al paraíso.

Te ofrezco un papel en mi historia  
la llave de mi destino  
y te prometo la gloria.

A cambio pido ser más que amigo  
brillo en tus ojos al verme  
que al dormir sueñes conmigo.

Quiero mis horas todas contigo  
y cogidos de la mano  
andar juntos el camino.

Deseo tu día a día  
un suspiro, una mirada,  
unir tu alma a la mía.

Para las horas amargas  
sin pedirte nada a cambio,  
guardo un hombro en que apoyarte  
mi silencio para escucharte  
y para sostenerete, mis brazos.

Sólo quiero acompañar tu vida,  
despacio, sin dejar huella.  
a cambio te doy la mía  
para hacer la tuya más bella.

## PROMESAS DE AMOR

Esther Gamallo



## En lembranza de Ino Pereira

Alumni desexa compartir o dó da familia e amizades de Inocencio Pereira Aldrey, que faleceu este verán, ao tempo que sentimos profundamente o seu pasamento. O coñecido hosteleiro rexentaba o popular restaurante Casa Camilo, ubicado na rúa do Franco, cuxo establecemento era socio protector de Alumni desde hai anos.

Ino era unha persoa humilde, atenta e afectuosa. Unha vez ao ano uníase coa súa muller, Ana Elisa Suárez

Landeira, ao noso grupo de sendeirismo e compartía unha andaina. Pasábaoo en grande, porque dicía gozar da propia camiñada, a paisaxe e a xente, e lamentaba que as obrigas profesionais lle impidiesen facelo máis a miúdo. O pasado inverno camiñou con nós polas terras de Negreira, e puidemos desfrutar da súa agradable compañía.

"Nuestras vidas son los ríos que van a dar a la mar", tal como escribiu o poeta palentino Jorge Manrique.



Ino, entre a súa muller, Ana Elisa Suárez, e Juan Viano, no xantar logo dunha etapa do Camiño de Fisterra que se fixo o ano pasado

## IV CICLO USC25 ANOS

Esther Olveira, directora do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC

### “É un espazo de socialización, aprendizaxe e amizade”



O IV Ciclo da USC cumpre vintecinco anos e, con tal motivo, está previsto que se celebre unha semana conmemorativa o vindeiro mes de marzo. A profesora da área de Pedagogía e Didáctica, Esther Olveira Olveira (Queiruga-Porto do Son, 1966) é a directora deste “exitoso” programa. Ademais a USC é socia fundadora da Asociación Estatal de Programas Universitarios de Mayores, cuxa presidencia ocupa actualmente.

#### Vintecinco anos equivalen a unha experiencia exitosa

O seu éxito reside no compromiso da USC coa cidadanía de Galicia á hora de dar resposta ás necesidades de formación continua e envellecemento activo. Éxito que se reflicte na súa capacidade de medrar, estando presente hoxe con sedes permanentes en Santiago e Lugo, pero tamén en Ribeira e Vilagarcía.

#### Cantas alumnos teñen? Ou debería decir alumnas?

As mulleres representan o 70% da nosa matrícula, que en total supera con creces o millar de persoas.

#### Que lles gusta máis?

En xeral toda a oferta ten demanda, pero todo o que ten que ver coa historia e a arte, coas súas correspondentes visitas, son moi atractivas para o noso colectivo.

#### As materias de Historia e Arte son as que teñen maior atractivo

A alumna maior ten 94 anos, e hai outras dúas que levan no programa desde que comezou

#### Entregan un título ou recoñecemento?

Temos unha gran variedade de itinerarios, programas e intercambios; pero, por poñer un exemplo, para obter o Diploma Séior cómpre acumular doce créditos por curso durante cinco cursos académicos. A oferta formativa é interdisciplinar e, evidentemente, remata cun título propio da USC que non é profesionalizador.




#### Teñen xente moi maior?




O rango vai desde os 50 ata os 94 anos que ten a nosa alumna maior. Todos os alumnos que levan dezaoito anos no programa reciben unha beca, distinción que teñen más de trinta persoas. E temos dúas alumnas que levan no programa desde o principio, unha en Santiago e outra en Lugo.

#### Acaba sendo un espazo de socialización?

Así é, pero tamén de aprendizaxe, de axuda e convivencia no que, en moitos casos, se crean vínculos de amizade. Atreveríame a dicir que é un espazo sociosanitario. Mesmo os servizos sanitarios téñennos pedido que acollamos pacientes con diversas casuísticas.

# Andainas, andanzas e muxianas





# FALAN OS SOCIOS NA WEB

[www.alumniusc.gal](http://www.alumniusc.gal)

### Manuel Puga Pereira farmacéutico e humanista



Manuel Puga Pereira, licenciado en Farmacia e Bioloxía pola USC, doutorado en Ciencias, escritor, presidente da Real Academia de Farmacia, da Fundación Prenzol, e do Consello Social da USC durante dúas lexislaturas (2006 – 2014), e membro do Consello de Administración da Editorial Galaxia; foi entrevistado polo presidente de Alumni USC, **Agustín Pena**.

Manuel Puga fai referencia á súa experiencia universitaria en Compostela e á súa incorporación ao mundo profesional no ámbito farmacéutico, que derivou no seu labor na empresa AstraZeneca como Director Técnico farmacéutico e da fábrica de O Porriño. Comenta como o peche da mesma e a súa prexubilación constituíron unha oportunidade para implicarse en maior medida na súa vocación cultural e humanista, que sempre estivo latente. Expresa a sensación de satisfacción que sente con respecto á súa función no Consello Social e, a raíz disto, defende o mantemento da relación dos egresados coa universidade como unha das formas de reivindicar o valor desta institución.

### Carlos Baliñas Fernández profesional da filosofía



Carlos Baliñas Fernández, filósofo, escritor e catedrático de ensino medio de Filosofía, así como da Universidade de Santiago de Compostela, tendo exercido tamén a docencia nas Universidades de Barcelona e na Complutense de Madrid, e ocupando o posto como decano da facultade de Filosofía e Ciencias da Educación de Santiago durante varios anos, foi entrevistado por **Carlos Gómez Bermúdez**.

Baliñas relata a súa chegada a Santiago aos 9 anos como neno cantor na Catedral, procedente dunha aldea de Cerdedo-Cotobade. Comenta como a vida eclesiástica era naquel momento un dos piares da cidade, e como a visión desta nos seus recordos dos anos 30 e 40 o inspiraron a escribir o libro *Compostela, corazón adentro*. Fala tamén da súa percepción de Galicia tras explorar o mundo, e de como a pesar de ter marchado, tanto para rematar os seus estudos coma para exercer a súa profesión, sempre acabou volvendo á súa terra natal. Sobre a Universidade de Santiago di que sempre foi academicamente digna, pero que agora se crea ciencia e se fomenta a investigación, algo que antes non era posible. Engade que Compostela é, na actualidade, un lugar máis universal, coñecido en toda Europa como a meta dun camiño.

## PALABRAS PARA LOURDES

Queridas compañeras y compañeros:

Hace 55 años, un 4 de octubre, un grupo de chicas y chicos, muy jóvenes entramos en esta Facultad, para empezar una carrera universitaria, íbamos a estudiar Químicas, que tenía fama de exigente y difícil.

Estábamos un poco asustados, por primera vez en nuestras vidas íbamos a estudiar juntos chicas y chicos, nuestros profesores iban a ser catedráticos de Universidad, la mayoría íbamos a vivir fuera de nuestras casas, lejos de la familia, en mi caso era la primera mujer que llegaba a la Universidad lo que suponía una muestra de confianza de nuestros padres y un sacrificio económico importante. Sabíamos que teníamos que esforzarnos para merecer esa confianza porque todos esperaban mucho de nosotros.

Ante nosotros, unas libertades para las que nadie nos había preparado: para asistir a clase, para estudiar, para manejar el dinero para todo el mes... pero aprendimos a desenvolvernos y lo hicimos razonablemente bien.

Transcurridos los primeros días, chicas y chicos dejamos de mirarnos con desconfianza, las prácticas en los laboratorios ayudaron a tejer relaciones y a crear amistades.

Hubo discusiones, buenos ratos, algunas peleas, risas y sobre todo aprendimos a trabajar juntos y a disfrutar de ello; formamos un estupendo grupo, estábamos juntos en clase, en el bar de la Facultad, en los laboratorios y, al salir de clase, nos íbamos a tomar algo al Franco y eso era la envidia de los universitarios de otras facultades que no tenían esa relación.

Pasamos momentos convulsos, huelgas, manifestaciones, sentadas, leímos panfletos que teníamos que esconder porque estaban prohibidos, corrimos delante de la policía... Y aprendimos a protestar cuando era necesario y espero que sigamos haciéndolo.

También pasamos momentos de nervios y agobios por los exámenes, por las notas, por los problemas que no entendíamos, las prácticas que no salían, por tener que usar la "maldita regla de cálculo": Si hubiéramos tenido una calculadora, aunque fuese de las sencillitas, ¿cuánto tiempo hubiéramos ahorrado?

Hoy que volvemos a estar juntos después de tantos años, vuelve a nosotros el recuerdo de nuestras profesoras y profesores,

## RECANTO DA SAUDADE

de las compañeras y compañeros que ya no están y de los que no pudieron asistir, pero que están presentes en nuestros recuerdos y en las anécdotas que nos contemos unos a otros.

Somos una promoción estupenda, los estudios de Química en la USC cumplen cien años y nuestra promoción, cincuenta. ¿Qué más se puede pedir?

Para terminar, quiero contaros una anécdota personal. Cuando estábamos en los laboratorios, no siempre salían las cosas como queríamos, lo que me agobiaba un poco; en esos momentos uno de nuestros compañeros me cantaba la estrofa de una canción: "Te sentirás acorralada, te sentirás herida y sola, quizás querrás no haber nacido...". Y yo le decía: No seas pesimista, hombre, vamos a empezar de nuevo, seguro que ahora hay más suerte".

Pero en otras ocasiones y en la misma situación otro compañero me cantaba: "La vida es bella y ya verás como a pesar de los pesares tendrás amigos, tendrás amor...". Y mi respuesta era: Gracias, me has alegrado el día, venga, seguro que ahora sale bien".

Un verano en un concierto Paco Ibáñez, anuncia, de Juan Agustín Goytisolo, *Palabras para Julia*, y las dos primeras estrofas eran los versos que me cantaban mis compañeros. Formaban parte del mismo poema, en ese momento sentí que no eran *Palabras para Julia*, que eran *Palabras para Lourdes* y me la estaba cantando a mí.

Creo que así es la vida, con momentos malos en que te sientes superada, pero también con momentos buenos, que son los que mejor recordamos.

Este es uno de esos fenomenales momentos, vamos a crear recuerdos que nos harán sonreír el resto de nuestras vidas.

Químicos del 72: ¡Aprovechamos este momento. Disfrutemoslo. Nos lo merecemos!

Lourdes González Rodicio | 11 de junio de 2022



VODAS OURO QUÍMICAS

# RECANTO DA SAUDADE



VODAS OURO MEDICINA 65-71



VODAS OURO MEDICINA 66-72



VODAS OURO ROMÁNICAS

## Reencontro da promoción de 1972 de Románicas

¿Nosotros, los de entonces, ya no somos los mismos? Así, con este verso de Pablo Neruda, pero planteado entre signos de interrogación, interpelou José María Viña Liste aos seus antigos alumnos da promoción 1967-72 de Filosofía e Letras, sección de Románicas. A celebración do quincuaxésimo aniversario desta brillante formada contaxiouuse de “alegría, satisfacción e gratitud”, en palabras de Darío Villanueva, que interveu no Paraninfo en representación do alumnado da época, xunto a Dolores Troncoso. Ningún pestanexou durante a lección magistral en que converteu a súa intervención Viña, profesor de Lingua e Literatura españolas, salpicada de alusións ás clases, programas e incidencias daqueles anos, onde non faltaron versos e autores de referencia, todo enmarcado no seu contexto próximo, pero tamén mundial. Polo seu discurso pasaron o movemento de


renovación da canción galega, Voces Ceibes, e o concerto no cine Capitol de 1968 ou as merendas e encomendas do seu mentor –Enrique Moreno Báez–, pero tamén o pasamento do Che Guevara ou a mítica tonada *Venceremos nós*. Así e todo, o máis sobresaínte foi o testemuño sincero e entusiasta da súa peripécia como mestre, catedrático de bacharelato e profesor e investigador universitario con que José María obsequiou os seus discípulos.

A xornada comezara cunha visita ao Recanto da Saudade, no Campus Vida, onde deixaron a correspondente placa commemorativa. Seguiulle unha visita ao Pórtico da Gloria e, a continuación, celebrouse o acto académico na Facultade de Xeografía e Historia, edificio onde esta promoción cursou os seus estudos de licenciatura. Un demorado xantar no Hotel Virxe da Cerca puxo fin a un encontro feliz e entusiasta.



VODAS PRATA DEREITO

# Novidades editoriais



## Socorrer ensenando: la Real Sociedad Económica y la literatura artística en Compostela

Autora: Miriam Elena Cortés López

Colección: Outras Publicacións

Páginas: 158

ISBN: 9788419155801




## El horizonte europeo: estado-nación y socialdemocracia de la época dorada a la pandemia

Autor: Emilio Pérez Touriño

Colección: USC Editora. Ensaio

ISBN: 9788419155856




## A Domus do Mitreo

Autor: Celso Rodríguez Cao

Colección: Outras Publicacións

ISBN: 9788419155788




## Eucaliptos en España: razones y pasiones

Autor: Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Colección: Outras Publicacións

ISBN: 9788419155375



## A universidade retratada: Jules David-Cavaz en Galicia (1882)

Autor: Carlos Castelao

Colección: Outras Coleccións

Páginas: 130

ISBN: 9788419155320



## Ex Occidente lux: peregrinaciones culturales de ida y vuelta

Coordinadora: Gema Vallín

Colección: Outras Publicacións

ISBN: 9788419155818




## Entre Italia, Portugal y España: ensayos de recepción literaria

Coordinadores: María Soledad Pérez-Abadín Barro, Rita Marnoto, David González Ramírez,

Martha Blanco González

Colección: USC Editora. Clave

ISBN: 9788418445866



## Florencio Delgado Gurriarán. O soño dunha Galicia infinda: Día das Letras Galegas 2022

Coordinadora: Dolores Vilavedra

Colección: Día das Letras Gallegas

Páginas: 135

ISBN: 9788419155399

## ZONA SANTIAGO

**DESDE 2014**

### Cafetería LEMBRANZA

Rúa Montero Ríos, 39. 15701 Santiago  
TEL\_ 981 593 636  
[www.cafeterialembenza.com](http://www.cafeterialembenza.com)

### COPY NINO

Avda. Rosalía de Castro, 58, bajo  
15706 Santiago de Compostela  
TEL\_ 981 590 302  
[www.copynino.com](http://www.copynino.com)

### Librería FOLLAS NOVAS

C/ Montero Ríos, 37. 15706 Santiago  
[follasnovas@follasnovas.es](mailto:follasnovas@follasnovas.es)  
TEL\_ 981 594 406 FAX\_ 981 590 612  
[www.librerianonsecadecompostela.es](http://www.librerianonsecadecompostela.es)

### HOTEL MONUMENTO SAN FRANCISCO

Campillo de San Francisco, 3. 15705 Santiago  
TEL\_ 981 581 634  
[www.sanfranciscohm.com](http://www.sanfranciscohm.com)

**DESDE 2015**

### Carrocera CASTROSUA

Carretera de A Coruña Km. 59,5  
15890 Santiago de Compostela  
TEL\_ 981 552 460  
[www.castrosua.com](http://www.castrosua.com)

### LÁPICES 4

Avda. da Coruña 4-bajo. 15701 Santiago  
TEL\_ 981 580 429  
[www.lapices4.com](http://www.lapices4.com)

### Restaurante CAMILO

A Raiña, 24. 15705 Santiago  
TEL\_ 981 584 593

### JOSÉ OTERO

Xeneral Pardiñas, 13-bajo. 15701-Santiago  
TEL\_ 981 569 230

### VÍA LÁCTEA COMUNICACIÓN

Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo, 6-1º C  
15706 Santiago de Compostela  
TEL\_ 981 554 407  
[www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)

**DESDE 2016**

### LIMPIEZAS SALGADO

Fernando III El Santo, 41. 15701-Santiago  
TEL\_ 981 599 089  
[www.salgadolimpiezas.es](http://www.salgadolimpiezas.es)

**DESDE 2017**

### UNA GRUPO BUSINESS GLOBAL S.L.

Avda. Barcelona, 33-local 1 A  
15706 Santiago de Compostela  
TEL\_ 902 150 152  
[www.unagrupo.com](http://www.unagrupo.com)

## A CESTA DA SAÚDE

Rúa Ramón Cabanillas, 10  
15701 Santiago de Compostela  
TEL\_ 981 592 595

**DESDE 2018**

### HYGGE by Sabucedo & León S.L.

San Pedro de Mezonzo, 28  
15701 Santiago de Compostela  
Loft Santa Marta. Avda. de Montevideo, 1-1º E  
15706 Santiago de Compostela  
TEL\_ 881 998 791 / 670 417 405  
[www.hyggepilates.com](http://www.hyggepilates.com)

### CÁMARA DE COMERCIO de Santiago

San Pedro de Mezonzo, 44. 15701-Santiago  
[camara@camaracompostela.com](mailto:camara@camaracompostela.com)  
[www.camaracompostela.com](http://www.camaracompostela.com)

**DESDE 2019**

### CAMPUS NA NUBE

Seminario Estudos Galegos 15705-Santiago  
TEL\_ 881 814 854  
[antonio@campusnanube.com](mailto:antonio@campusnanube.com)  
[www.campusnanube.gal](http://www.campusnanube.gal)

**DESDE 2020**

### Gráficas Garabal S.L.

Codesedas, 5 (Figueiras)  
15897 Santiago de Compostela  
TEL\_ 981 562 595  
[graficasgarabal@graficasgarabal.es](mailto:graficasgarabal@graficasgarabal.es)  
[www.graficasgarabal.es](http://www.graficasgarabal.es)

**DESDE 2022**

### Papelería Xaquín

Rúa Nova de Abaixo 14  
15701 Santiago de Compostela  
TEL\_ 981 599 451  
[px@papeleriaxaquin.com](mailto:px@papeleriaxaquin.com)

## ZONA A CORUÑA - FERROL

### GENESAL ENERGY

Parroquia de Cortián D-13-14  
15165 Bergondo  
TEL\_ 981 674 156  
[www.genesalenergy.com](http://www.genesalenergy.com)

### GRUPO INTAF

Ctra. de Cedeira km 1,5. 15570-Narón  
TEL\_ 981 397 142  
[intaf@intaf.com](mailto:intaf@intaf.com) [www.intaf.com](http://www.intaf.com)

## ZONA LUGO

**DESDE 2015**

### Restaurante "FONTE DO REI"

Avda. Madrid, 5 y 63. 27002 Lugo  
TEL\_ 982 245 608 e 982 223 711  
[www.fontedorei.es](http://www.fontedorei.es)

### PRELO

Ronda da Muralla, 34-bajo. 27002 Lugo  
TEL\_ 982 280 359  
[www.prelo.es](http://www.prelo.es)

### EL PROGRESO DE LUGO

C/ Ribadeo, 5. 27002 Lugo  
TEL\_ 982 298 146  
[www.elprogreso.galiciae.com](http://www.elprogreso.galiciae.com)

**DESDE 2016**

### ARESA

Avda. Madrid, 187. 27002 Lugo  
TEL\_ +34 982 222 400 FAX\_ +34 982 222 502  
[www.aresa-agricola.com](http://www.aresa-agricola.com)

**DESDE 2017**

### AMSLAB S.L.

Avda. Benigno Rivera, 56. 27003 Lugo  
TEL\_ +34 982 808 074  
[www.ams-lab.com/web2012](http://www.ams-lab.com/web2012)

**DESDE 2020**

### Aserener SLU

Rúa Río Sil, 44, baixo. 27003 Lugo  
TEL\_ 982 253 446  
[www.instalacionescruz.com](http://www.instalacionescruz.com)

**DESDE 2022**

### Librería Bahía

Avda. da Mariña, 42 Bajo. 27780 Foz (Lugo)  
TEL\_ 982 140 434  
[info@librixbahia.com](mailto:info@librixbahia.com)

## ZONA PONTEVEDRA

**DESDE 2016**

### COGAL

Alceme. 36530-Rodeiro (Pontevedra)  
TEL\_ 986 790 100  
[www.cogal.net](http://www.cogal.net)

### BODEGAS TERRAS GAUDA

Estrada Tui- A Guarda km 55  
36760 O Rosal (Pontevedra)  
TEL\_ 986 621 111  
[www.terrassgaua.com](http://www.terrassgaua.com)

### GUIMERÁNS Trofeos S.L.

Rúa Cobian Roffignac, 19-bajo  
36007-Pontevedra  
TEL\_ 986 167 176

